

SESIÓN 4 “CONVIVENCIA VIRTUAL” NARÓN

Boas rapazada,

Como estades? E que tal están sendo as vosas primeiras saídas permitidas ao exterior? Contádeme impresións se vos apetece e desfrutádeas moito con sentidiño, que xa queda menos para saír en condicións e vernos con toda a xente que queremos e botamos de menos.

Eu esta semana so quería propoñervos que ollarades algún destes vídeos, son exemplos de campañas de sensibilización contra o acoso escolar e o ciberacoso:

Unicef “2 en tu clase”: <https://www.youtube.com/watch?v=l4BEcp1Ulsq>

Mutua Madrileña “Activa tu poder”: https://www.youtube.com/watch?v=0Ai8_SR8Ncw

Y tu, de que lado estás?: <https://www.youtube.com/watch?v=oHejiVLTP2U>

Terminar co acoso escolar depende de ti:

<https://www.youtube.com/watch?v=MAN8c87QjM4&feature=youtu.be>

O pasado 14 de marzo celebrouse o día contra o ciberacoso e este sábado 2 de maio celébrase o Día internacional contra o bullying ou acoso escolar. Por iso gustaríame que se vos apetece me enviades ao longo desta semana un slogan ou frase para sensibilizar contra este problema que afecta a “dous de cada dez” rapaces e rapazas coma vós no mundo... 😞

Estes días estádesme a demostrar a vosa creatividade e talento, así que podedes enviarme a frase ou mensaxe que pensades nun debuxo, nunha foto coa montaxe das letras ou un slogan que inventedes coas vosas amizades ou familias...o que queirades, sorprendédeme! Coas propostas que me enviades ata o domingo 3 de maio, farei unha pequena montaxe para ter a nosa particular loita contra o acoso escolar en Narón, porque dende casa tamén podemos tratar ben e respectar a todas as persoas, eu téño claro: #convivencia Narón contra o acoso escolar #todo vai saír ben sen acoso #xuntas dende casa pero unidas pola causa... 😊

Sabedes que é moi importante mostrar apoio e coma nos pode pasar a calquera, tomar conciencia da importancia de axudar ás vítimas, non “pasar” nin ser cómplices, senón contalo e pedir axuda ou denunciar cando sexa preciso; así SI!

Agardo impaciente as vosas propostas e comentarios no meu mail (lembrede indicarme nome, curso e centro escolar); sabedes que sigo aquí para o que necesitedes mentres non poidamos retomar os nosos encontros presenciais: raquel.atalaiasocial@gmail.com



Aperta virtual

Raquel